

rematará ás catorce (14.00) horas do primeiro día hábil seguinte.

b) Documentación que hai que presentar: segundo o indicado na cláusula 3.5 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar da presentación:

As proposicións presentaranse, en tres (3) sobres pechados, no rexistro xeral do ente público Portos de Galicia, sito na praza de Europa, 5-A, 6º, de Santiago de Compostela, 15707 (teléfono: 902 40 08 70; fax: 981 54 53 24), segundo se especifica no punto 3.4 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares, ou por correo certificado dentro do prazo de admisión sinalado, conforme o disposto no artigo 80.4º do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

d) Prazo durante o que o licitador se obriga a manter a súa oferta: dous (2) meses desde a apertura das proposicións, en virtude do disposto nos puntos 2 e 4 do artigo 145º da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

e) Criterios de adxudicación: a oferta economicamente máis vantaxosa determinarase en virtude da aplicación dos criterios establecidos na cláusula 3.6.2 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares.

f) Admisión de variantes: observarase o disposto no prego tipo de cláusulas administrativas particulares e no punto 7 dos correspondentes cadros de características de cada contrato, para cada un dos procedementos descritos no punto 2 anterior.

8. Apertura de ofertas.

a) Entidade: sala de xuntas do ente público Portos de Galicia.

b) Enderezo: praza de Europa, nº 10-A, 4º (Área Central).

c) Localidade: 15707 Santiago de Compostela.

d) Data de apertura: a apertura pública das ofertas (sobre B) levarase a cabo nun prazo non superior a sete días contado desde a apertura da documentación administrativa do sobre A. No caso de que ese día coincida en sábado ou festivo, a apertura realizárase o primeiro día hábil seguinte.

No acto público de apertura do sobre B, a mesa fixará e dará publicidade á data, lugar e hora en que se procederá á apertura do sobre C.

e) Hora: 9.00 horas.

Se por algún motivo houberse que modificar a data de celebración do acto público de apertura das proposicións reflectirase a nova data no perfil de contratante: (<http://www.contratosdeg Galicia.es>)

9. Outras informacións: a mesa de contratación, en cumprimento do disposto na cláusula 3.6.1.b).1 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares, comprobará en acto previo a documentación do sobre A e publicará no perfil do contratante e no taboleiro de anuncios dos servizos centrais de Portos de Galicia o resultado da apertura, para que se emenden, se é o caso e dentro do prazo que se indique, os defectos materiais observados na dita documentación.

10. Gastos dos anuncios: os gastos que deriven da publicación deste anuncio serán por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2010.

José Manuel Álvarez-Campana Gallo
Presidente de Portos de Galicia

Resolución do 22 de decembro de 2010 pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto e sistema multicriterio, tramitación ordinaria e expediente anticipado de gasto, dun contrato non suxeito a regulación harmonizada, de execución das obras que se citan. (Expediente CO-12-11-10-01).

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: ente público Portos de Galicia.

b) Dependencia que impulsa os expedientes: Área de Infraestruturas.

c) Dependencia que tramita os expedientes: División de Contratación.

2. Obxecto dos contratos.

-Descrición do obxecto: ampliación dos espazos de uso público no porto de Miño (A Coruña).

-Clave do expediente: CO-12-11-10-01.

-Lugar de execución: Miño (A Coruña).

-Orzamento base de licitación: tres millóns novecientos noventa e sete mil novecientos trece euros con sesenta e sete céntimos (3.997.913,67 €), IVE excluído.

-Importe do IVE (18%): 719.624,46 euros.

-Prazo de execución: trinta (30) meses.

-Clasificación: F-5-e.

-División por lotes: non hai.

3. Tramitación e procedemento de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria. Expediente anticipado de gasto.

b) Procedemento: aberto con varios criterios de valoración (multicriterio).

4. Garantías.

a) Provisionais: non se exixen.

b) Definitivas: 5% do orzamento de adxudicación, IVE excluído.

5. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: ente público Portos de Galicia.

-Enderezo: praza de Europa, nº 10-A, 4º.

-Localidade e código postal: Santiago de Compostela 15707.

-Teléfono: 881 88 16 45.

b) Perfil do contratante no web: os pregos e os cadros de características de cada contrato poderanse obter nos seguintes enderezos da internet:

<http://www.contratosdeg Galicia.es/resultado.jsp?N=15662>

c) A documentación técnica (proxectos), o prego tipo de cláusulas administrativas particulares e os cadros de características dos contratos tamén se poderán obter en:

-*Copy Nino*; rúa Feáns, 19, Santiago de Compostela. Teléfono: 981 58 89 38.

-*Copy Estudio*; rúa Nova de Abaixo, 19-20 (galerías), Santiago de Compostela. Teléfono: 981 59 33 85.

-<http://www.portosdeg Galicia.es>

A data límite de obtención de documentación e información coincide coa data límite de presentación de ofertas, establecida no punto 7.a) deste anuncio.

6. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación, de ser o caso: a exixida no punto 2 anterior.

b) Outros requisitos: ademais da clasificación e de acordo co exixido na cláusula 3.3.3 do PCAP, os licitadores deben comprometer na súa proposta un equipo mínimo de traballo coas características especificadas no punto 8º da cláusula 3.5.1-I.A) do PCAP.

7. Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: o prazo de presentación de proposicións rematará ás catorce (14.00) horas do cuadraxésimo (40º) día natural seguinte ao

da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. No caso de que ese día coincida en sábado ou festivo o prazo de admisión das proposicións rematará ás catorce (14.00) horas do primeiro día hábil seguinte.

b) Documentación que hai que presentar: segundo o indicado na cláusula 3.5 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar da presentación.

As proposicións presentaranse, en tres (3) sobres pechados, no Rexistro Xeral do ente público Portos de Galicia, sito na praza de Europa, 5-A, 6º, de Santiago de Compostela, 15707 (teléfono: 902 40 08 70; fax: 981 54 53 24), segundo se especifica no punto 3.4 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares, ou envíasalas por correo certificado dentro do prazo de admisión sinalado, conforme o disposto no artigo 80º.4 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

d) Prazo durante o que o licitador se obriga a manter a súa oferta: dous (2) meses desde a apertura das proposicións, en virtude do disposto nos números 2 e 4 do artigo 145º da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

e) Criterios de adxudicación: a oferta economicamente máis vantaxosa determinarase en virtude da aplicación dos criterios establecidos na cláusula 3.6.2 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares.

f) Admisión de variantes: observarase o disposto no prego tipo de cláusulas administrativas particulares e no número 7 dos correspondentes cadros de características de cada contrato, para cada un dos procedementos descritos no punto 2 anterior.

8. Apertura de ofertas.

a) Entidade: sala de xuntas do ente público Portos de Galicia.

b) Enderezo: praza de Europa, nº 10-A, 4º (Área Central).

c) Localidade: 15707 Santiago de Compostela.

d) Data de apertura: a apertura pública das ofertas (sobre B) levarase a cabo nun prazo non superior a sete días contados desde a apertura da documentación administrativa do sobre A. No caso de que ese día coincida en sábado ou festivo, a apertura realizárase o primeiro día hábil seguinte.

No acto público de apertura do sobre B, a mesa fixará e dará publicidade á data, lugar e hora en que se procederá á apertura do sobre C.

e) Hora: 9.00 horas.

Se por algún motivo houberse que modificar a data de realización do acto público de apertura das proposicións, reflectirase a nova data no perfil do contratante: <http://www.contratosdegalicia.es>

9. Outras informacións: a mesa de contratación, en cumprimento do disposto na cláusula 3.6.1.b).1 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares, comprobará en acto previo a documentación do sobre A e publicará no perfil do contratante e no taboleiro de anuncios dos servizos centrais de Portos de Galicia o resultado da apertura, para que se emenden, se for o caso e dentro do prazo que se indique, os defectos materiais observados na dita documentación.

10. Gastos dos anuncios: os gastos que deriven da publicación deste anuncio serán por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2010.

José Manuel Álvarez-Campana Gallo
Presidente de Portos de Galicia

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Anuncio sobre o extravío dun título propio de posgrao Máster en Xerontoloxía Clínica.

Publícase o extravío do título propio de posgrao Máster en Xerontoloxía Clínica de Elena María Seara Martínez, expedido con data do 10 de xaneiro de 2008 co número de rexistro universitario 080118.

A Coruña, 4 de novembro de 2010.

Carlos Amoedo Souto
Secretario xeral da Universidade da Coruña

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Anuncio.

Produciuse o extravío do título do CAP, expedido pola USC a favor de María Beatriz Rodeiro Casas, co número de rexistro universitario 1676.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2010.

Lourdes Noya Ferreiro
Secretaria xeral da Universidade de Santiago de Compostela

Anuncio.

Produciuse o extravío do título do CAP, expedido pola USC a favor de Sonia María Aldao Regueiro, co número de rexistro universitario 2229/99.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2010.

Lourdes Noya Ferreiro
Secretaria xeral da Universidade de Santiago de Compostela

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE AMES

Edicto.

M^a Michaela Saponaro In Greco solicita nesta Alcaldía licenza municipal para instalar un café bar no enderezo travesía da Moa, 5, baixo, do Milladoiro.

En cumprimento do disposto no punto 3, artigo 8º, do Decreto 133/2008 (DOG do 12 de xuño), polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, e con base na Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, sométese a información pública por un período de vinte (20) días hábiles que comezará a contar desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no *Diario Oficial de Galicia*.

Durante este tempo, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar poderán examinar o expediente en Urbanismo, no Departamento de Aperturas, sito na rúa Alcalde Lorenzo, 2, Bertamiráns, das 9.00 ás 14.00 horas, e formular por escrito as reclamacións ou observacións que xulguen oportunas.

Ames, 29 de novembro de 2010.

Carlos A. Fernández Castro
Alcalde

CONCELLO DE BUEU

Resolución do 8 de outubro de 2010 referente á convocatoria para prover unha praza.

No BOP de Pontevedra número 223, do 19 de novembro de 2010, publicáronse as bases para a provisión en propiedade dunha praza de administra-